

**MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o dezaseis de xullo de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**


**12/527 CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO. NOVA APERTURA DO PERÍODO DE LICITACIÓN TRAS O LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DO PROCEDIMENTO ACORDADA POLO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRATUAIS. CONTINUACIÓN DO PROCEDIMENTO.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 15 de xullo de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:

**“ANTECEDENTES**

- 1.- Acordo da Xunta de Goberno Local numero 13/221 de data 2 de abril de 2014 polo que se aproba a CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO , os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como a publicación de anuncio de licitación
- 2.- Acordo da Xunta de Goberno Local número 11/289 de data 23 de abril de 2014 polo que se aproba a rectificación de erro material no acordo número 13/221 da Xunta de Goberno Local de 2 de abril de 2014
- 3.- Remisión de anuncio de licitación ó DOUE en data 16 de abril de 2014 polo que o prazo de 52 días naturais de presentación de ofertas remataba o 9 de xuño de 2014
- 4.-Recursos especiais en materia de contratación núm. 379, 380 e 383/2014 CA Galicia 046,047 e 049/2014 presentado polas entidades “ Autobuses Urbanos de Lugo S.A” , “ Eleuterio López y Cia S.A” e “ Empresa Monforte S.A” contra o dito acordo da Xunta de Goberno Local numero 13/221
- 5.- Resolución de data 23 de maio de 2014 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais de adopción de medida cautelar de suspensión do procedemento do contratación en tanto non se resolva os recursos presentados. A dita resolución se notifica a este Concello en data 26 de maio de 2014 e se publica no perfil do contratante para xeral coñecemento dos licitadores.
- 6.- Resolución número 500/2014 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais pola que se desestiman os recursos interpostos por dona María Carmen Carballedo Fernández en nome e representación das empresas “Autobuses Urbanos de Lugo S.A”, “Eleuterio López y Cia S.A” e “ Empresa Monforte S.A” e se levanta a suspensión do procedemento de contratación.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Código Seguro de verificación:H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	17/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==	PÁGINA 1/5
 H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==			

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 14x360120527

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-7-2014

- Regulamento Comunitario (CE) 1370/2007 de 23 de outubro sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e carretera.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 871/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.
- Real decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas.
- Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 no que non se oponga as disposicións citadas
- Lei 16/1987 de 30 de xuño de Ordenación dos transportes terrestres (LOTT) e normativa complementaria coas modificacións introducidas pola Lei 9/2013 de 4 de xullo
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real Decreto 39/97 de 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de prevención.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.** O TACRC desestima os recursos especiais presentados , entre outros motivos, en base a que o prego de cláusulas administrativas particulares na súa cláusula décima establece:

*Os licitadores poderán solicitar as aclaracións que estimen pertinentes sobre o contido dos pregos de condicións técnicas e económico administrativas, mediante correo electrónico na dirección [contratacion@concellodelugo.org](mailto:contratacion@concellodelugo.org) dentro do prazo de QUINCE DÍAS naturais a contar dende o seguinte ó da remisión do anuncio ó DOUE. (data que será publicada no propio perfil do contratante)*


*As preguntas ou aclaracións que se formulen, que fosen de interese para o conxunto dos licitadores por incluír calquera dato ou aclaración distinto da mera literalidade dos pregos, faranse públicas mediante a inserción da resposta no perfil do contratante para garantir a igualdade dos mesmos, no menor prazo posible, en todo caso, diez días naturais antes de que finalice o prazo de presentación de proposicións.*

*Os prazos indicados neste apartado para formular preguntas ou aclaracións non paralizarán "a priori" os previstos para a presentación de proposicións, sen prexuízo, da tramitación regulamentaria que no seu caso proceda.*

*No mesmo prazo e previa solicitude, poderán examinarse os autobuses e os medios auxiliares que se adscriben ó servizo e que figuran como Anexos ó Prego de prescricións técnicas e ó presente prego.*

Entende o Tribunal que, en base a esta cláusula e o informe de contratación remitido para a tramitación dos recursos, as alegacións presentadas poden ser

Código Seguro de verificación:H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	17/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==	PÁGINA 2/5
			
H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==			

contestadas e aclaradas no curso do procedemento e que é o órgano de contratación o competente para resolver as dúbidas interpretativas que se lles susciten ós licitadores.

O prego de cláusulas administrativas articula un mecanismo de resolución de dúbidas suxeito a principio de publicidade, igualdade e non discriminación.

Efectivamente dona Carmen Carballo solicita en data 1 de maio mediante correo electrónico unha serie de aclaracións que foron obxecto de estudio por parte dos técnicos municipais. A día de hoxe non está publicada a resposta ante a paralización do procedemento acordada polo TACRC en estimación da medida cautelar de suspensión solicitada polos recurrentes.

O resto de preguntas formuladas polos interesados no prazo establecido de quince días naturais dende a remisión do anuncio ó DOUE (que rematou precisamente con data 1 de maio de 2014) están contestadas mediante a inserción das respostas no perfil do contratante por orde cronolóxico de presentación, quedando, polo tanto, como única petición de aclaración por responder a presentada por Dona Carmen Carballo que - tralo levantamento da suspensión por parte do Tribunal - procede contestar.

**Segunda.** O Tribunal acorda desestimar os recursos presentados e levantar a suspensión do procedemento indicando que contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo.


A Disposición Transitoria Sétima do TRLCSP establece que en tanto unha Comunidade Autónoma non regule ante quen debe interpoñerse o recurso especial en materia de contratación, as resolucións dictadas nestes procedementos -en tanto non sexan totalmente estimatorias - non serán executivas ata que sexan firmes.

Agora ben, mediante Resolución de 12 de novembro de 2013 procedeuse á publicación do Convenio de Colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas polo que se atribúe a competencia sobre recursos contractuais ó Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais. Polo tanto, non é aplicable a Disposición Transitoria Sétima do TRLCSP, e en consecuencia a resolución do TACRC de 27 de xuño de 2014 é definitiva e aínda que non é firme - toda vez ata o transcurso do prazo de dous meses para a presentación do recurso contencioso-administrativo sen presentarse este non se produce a firmeza- é directamente executiva.

**Terceiro.-** O levantamento da suspensión do procedemento implica a reanudación do procedemento ( paralizado en data 26 de maio de 2014 ) polo que quedaría para o termino do período de licitación ( 9 de xuño de ) soamente 14 días naturais.

Non obstante o anterior e tendo en conta o principio de máxima concorrencia nas licitacións establecido pola normativa comunitaria e a lexislación española así como os principios de publicidade, transparencia, non discriminación e igualdade de trato, parece oportuno e conveniente ao interese público o establecemento dun prazo maior para a presentación das ofertas tendo en conta a envergadura e importancia deste contrato. Por outra banda aínda está sen contestar a pregunta presentada pola representante das empresas recorrentes polo que parece oportuno establecer un prazo axeitado para o estudio da resposta que se dea a aquela. Tamén reforza

Código Seguro de verificación:H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	17/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==	PÁGINA 3/5
 H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==			

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 14x360120527

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-7-2014

esta postura o feito de atoparnos en período vacacional garantindo cun prazo máis amplo o estudo adecuado e profundo das condicións técnicas e administrativas establecidas por parte das empresas interesadas permitindo así que se presenten ofertas o máis rigurosas posibles.

Por todo isto propónse conceder un prazo de CORENTA DÍAS NATURAIS contados a partir da remisión de anuncio ó DOUE tendo en conta a posibilidade de acceso por medios electrónicos ós pregos e demais documentación complementaria e que os anuncios se preparan e envían por medios electrónicos.

Durante este prazo de presentación de ofertas publicarase no perfil do contratante a resposta ás aclaracións e preguntas presentadas durante o prazo de quince días naturais dende a remisión do anuncio ó DOUE e que xa rematou, polo que as dúbidas e preguntas que xurdan neste novo prazo de presentación de ofertas non terán necesariamente que ser contestadas no perfil do contratante xa que a reanudación do prazo é ós meros efectos de presentación de ofertas sen que implique a apertura dun novo prazo de petición de aclaracións.


**Cuarto.** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á continuación do procedemento de licitación para a CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO toda vez por Resolución número 500/2014 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais foron desestimados os recursos especiais en materia de contratación interpostos por dona Carmen Carballedo Fernández en nome e representación das empresas “Autobuses Urbanos de Lugo S.A”, “

4

Código Seguro de verificación:H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.


FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	17/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==	PÁGINA 4/5
			
H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==			

Eleuterio López y Cia S.A” e “ Empresa Monforte S.A” contra o acordo da Xunta de Goberno Local numero 13/221, todo esto de conformidade co establecido nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 2 de abril de 2014 e coa corrección material realizada por acordo da Xunta de Goberno Local número 11/289 de data 23 de abril de 2014 coa salvedade establecida no apartado seguinte deste acordo.

SEGUNDO.- Conceder un prazo para presentación de ofertas por parte das empresas interesadas de CORENTA ( 40 ) DÍAS NATURAIS contados a partir da remisión do anuncio de licitación ó Diario Oficial da Unión Europea. O anuncio da concesión deste novo prazo de presentación de ofertas publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Boletín Oficial do Estado e no perfil do contratante do Concello de Lugo.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cutura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.**

Código Seguro de verificación:H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	17/07/2014
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==	PÁGINA 5/5
 H1dZexQfid16x5pOTpZsrA==			